

Tempo de Entroido

Cos ecos do Nadal aínda na cabeza e case sen tempo para recuperar forzas chega un ano máis Don Carnal disposto a reinar, aínda que tan só sexa uns días. O Concello de Oroso ten preparada unha completa e variada programación de Entroido que combina actividades de probado éxito (como o concurso de disfraces, o Festival do CRA, a Festa de Disfraces ou o Baile de Maires), cun par de novidades (como o concerto de Vox Stellae ou o obradoiro reposteiro de cupcakes de Entroido). Dende o Concello de Oroso convidámosvos a participar nun programa deseñado para o disfrute de toda a familia. Tomade nota:

- **Concurso de Disfraces.** Sábado 1 de marzo. O desfile sairá ás 18:00 horas do Pavillón de Deportes e percorrará as rúas de Sigüeiro amenizado pola batucada da Aula de Música. Animación, inchables, mascotas, premios, música e moita diversión. Consulta as bases no centro cultural ou na páxina web www.concellooroso.com.

- **Festival do CRA.** Venres 28 de febreiro. O salón de actos do centro cultural de Sigüeiro acollerá este festival infantil de Entroido.

- **Festa de Disfraces.** Luns 3 de marzo, a partir das 19:00 horas no centro cultural. Haberá música, mascotas, diversión e sorpresas para todos e todas as asistentes, que poden colaborar traendo filloas e orellas.


- **Obradoiro reposteiro de cupcakes de Entroido.** Mércores 5 de marzo, ás 18:00 horas. Dirixido a rapaces/azas de 8 a 13 anos. De balde, previa inscrición no centro cultural.

- **Concerto didáctico do grupo Vox Stellae: "O rodaballo con botas".** Venres 28 de febreiro, ás 19:00 h. Adaptación do conto do gato con botas con intervencións musicais de distintas épocas e estilos, dende o Renacemento ata a música popular galega.

- **Concurso de Receitas de Entroido: "En galego sabe mellor".** As propostas deberán entregarse antes do 24 de febreiro no centro cultural de Sigüeiro. Terán que ser típicas do Entroido, escritas en galego e mecanografiadas. Así mesmo deberase presentar o prato elaborado o día 25 de febreiro (de 09:00 a 14:00 horas ou de 17:00 a 18:00 horas). O premio para o/a gañador/a será unha cea para dúas persoas e para o/a finalista un libro de cociña.

- **Baile de maiores.** Teremos dúas citas: sábado 22 de febreiro (co grupo "D'Cine") e sábado 29 de marzo (co grupo "Satélite"). A partir das 19:00 horas no centro cultural de Sigüeiro.

- **Animación á Lectura.** Contaremos cunha sesión especial, "Somos uns Entroidos", o luns 3 de marzo, ás 11:00 horas. Dirixido a rapaces/azas de 4 a 12 anos, previa inscrición na biblioteca. Ademais, sesións de contacontos todos os sábados, coa temática "Animaliños", na biblioteca municipal.



Entroido Oroso

- CONCURSO DE DISFRACES SÁBADO 1 DE MARZO
- Concurso de receitas de Entroido
- Festa de disfraces
- Baile de maiores
- Actuación musical do grupo VOX STELLAE "O rodaballo con botas"
- Animación á lectura
- Festival do CRA
- Obradoiro de decoración de CUPCAKES de Entroido

Organiza:  coa cultura

Colabora:  Deputación DA CORUÑA



As beirarrúas de Senra xa están rematadas



En Senra tan só falta que Unión Fenosa subministre a electricidade precisa para o novo alumeadado público

Quen dixo aquilo de que máis vale tarde ca nunca semella que estivese ollando a marcha das obras de construción das beirarrúas de Senra, que hoxe xa son unha realidade despois de case 4 anos de traballos por parte do Concello e máis de 2 anos dos veciños e veciñas da zona aturando as molestias dunhas obras inacabadas. A falta de que Fenosa subministre a enerxía para poñer a funcionar o novo alumeadado, os 1,6 quilómetros de beirarrúas da estrada DP-38011 Sigüeiro-San Mauro xa están definitivamente rematados coa súa correspondente recollida de pluviais e fecais, así como co cableado do alumeadado público soterrado.

A Deputación foi quen executou as beirarrúas, que mesmo tiveron que afrontar a quebra da primeira adjudicataria das obras (o que alongou en máis dun ano o remate dos traballos). Agora, o Concello de Oroso encargárase da súa conservación e mantemento. En total, neste proxecto investíronse máis de 450.000 euros.



Oroso conmemora o Día Internacional da Muller con concursos de relatos e de fotos



O Concello de Oroso organiza dous concursos, un de relatos e outro de fotografía, para conmemorar o Día Internacional da Muller. A novidade deste ano é o I Concurso de Relatos Breves "Olla para min", dirixido a nenos/as de 6º de Primaria. Os relatos, de non máis de 1.000 palabras, deberán presentarse no departamento de Servizos Sociais ou a través do mail benestar-social@concellooroso.com antes do 28 de febreiro. Os premios serán lotes de libros.

Así mesmo, o Concello de Oroso mantén o seu concurso de fotografía "Muller Traballadora", que este ano chega á súa cuarta edición. Neste caso, a participación está aberta á cidadanía en xeral, que poderán presentar as súas propostas no centro cultural de Sigüeiro antes do 26 de febreiro. En ambos casos, a temática céntrase no papel da muller como construtora da sociedade e os premios entregaranse no marco dos actos do Día da Muller. Máis información na [web municipal](#).



Voluntarios de Protección Civil e traballadores do Concello deron rápida resposta ás distintas incidencias

Os danos causados polos temporais superan os 90.000 €



O Concello de Oroso estima en máis de 90.000 euros o investimento realizado para paliar os danos dos sucesivos temporais e cicloxéneses explosivas que vén sufrindo Galicia nas últimas semanas. Uns temporais que provocaron numerosas caídas de árbores e de sinais de tráfico, inundacións, danos nas instalacións municipais, no colexio e mesmo a caída dunha valla do campo de fútbol. Así mesmo, o alcalde Manuel Mirás destaca o traballo e o bo facer tanto dos voluntarios da Agrupación Local de [Protección Civil de Oroso](#) como dos traballadores municipais para dar a resposta máis rápida a todas estas incidencias.



O Concello inicia a mellora do local social do Cachopal

O Concello de Oroso vén de iniciar as obras de mellora do local social do Cachopal, que se centran especialmente na rehabilitación do segundo piso do inmoble. Empregados municipais están nestes intres traballando na recuperación do teito e das paredes do inmoble, tras ter retirado a antiga cociña. Agora procederán ao seu pintado e á colocación dun novo chan, tal e como se ten feito con anterioridade nos locais sociais de Pasarelos e de Oroso. O concelleiro de Relacións Veciñais, Luís Rey Villaverde, espera que "os traballos estean rematados antes de finais de febreiro" e confirma tamén que "imos colocarlle tamén fiestras novas en aluminio". Deste xeito, o Concello de Oroso continúa coa súa aposta por mellorar os locais sociais das distintas parroquias do municipio.



As actuacións de mellora céntranse no interior da segunda planta do inmoble

FEBREIRO

10

Catro novos cursos na aula mentor e inicio dos CISCO

O Concello de Oroso pon a disposición dos seus veciños e veciñas catro novos cursos formativos a través da **aula mentor EducaOroso**. Dous deles teñen como obxectivo as novas tecnoloxías e ás pemes: "**Emprender en Internet**" e "**Redes sociais para pemes: introdución ao Community Manager**". As outras dúas novidades son "**Administración de alimentos e tratamentos a persoas dependentes no domicilio**" e "**Desenterrar o pasado: introdución ao patrimonio arqueolóxico**".

Así mesmo, o Concello informa de que está aberto o prazo de matrícula nos cursos especiais organizados por **Cisco** a través da aula mentor EducaOroso, denominados CCNA, e que permiten obter unha certificación profesional en materia de novas tecnoloxías. Uns cursos que darán comezo o luns 10 de febreiro. Máis información destes e dos máis de 140 cursos dispoñibles en EducaOroso en: www.mentor.educacion.es.

FEBREIRO

Novos nomes para os centros educativos do municipio

Colexio Torrente Ballester de Sigüeiro e escola infantil da Ulloa. Estes son os nomes aprobados polo pleno municipal para nomear estes dous centros educativos e diferenciarlos do novo colexio que se está a construír no Paseo do Carboeiro e da nova gardería que se situará a carón do colexio de Sigüeiro. A decisión tomouse a proposta da Alcaldía e despois de que non se presentara ningunha outra alternativa nos últimos dous anos.

FEBREIRO

11

Últimos días para anotarse no curso de xuíz de Triatlón

Sigüeiro acollerá o sábado 16 de febreiro un curso oficial de árbitros Nivel II de triatlón. Os interesados en iniciarse na arbitrase deste deporte deben anotarse na **Federación Galega de Triatlón** antes do 11 de febreiro (fegatri@hotmail.com ou 982 251 345).

CONCURSO de RECEITAS EN GALEGO SABE MELLOR

PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS RECEITAS ATA O 24 DE FEBREIRO

GANADOR: 1 CEA
FINALISTA: LIBRO DE COCIÑA

MÁS INFORMACIÓN NO CENTRO CULTURAL DE LUNS A VENRES DE 9 A 11 E MARTES E XOVES DE 17 A 20H OU NO 981 690 903. TAMÉN PODES VER AS BASES EN WWW.CONCELLOOROSO.COM

47^{as} Noites de Tasca Oroso

Venres, 7 de febreiro 2014
A partir das 21:30 h.

No **Café-Bar FERNANDEZ** en Vilarromariz (Oroso, A Coruña)

Con presenza dos grupos:

PANA RAIADA de Santiago de Compostela

Agrupación "**NÉBOAS**" de Sigüeiro (Oroso)

El grupo **Follada** Colaboran

Ven tocar con nós!

Organiza: ASOCIACIÓN GRUPO DE CANTAS DE FOLCLORES DE OROSO

eu querer quéroche Ben
contos e obradoiros

1, 8, 15 e 22 de febreiro ás 11h na biblioteca

PARA MENAS/OS DE 3 A 9 ANOS

INSCRUCIÓNS NA BIBLIOTECA 20 PRAZAS

981690903 WWW.CONCELLOOROSO.COM

Foi noticia...



O mal tempo non pode coa ilusión dos nenos polos Reis

Os sucesivos temporais que azotan Galicia dende hai varias semanas quixeron tamén ser os protagonistas no día de Reis, deslucindo o percorrido da cabalgata das Súas Maxestades, que este ano percorreron Oroso en tren, acompañados por moitos pequenos. Mais a ilusión dos nenos e nenas ben puido coa choiva, como demostraron os centos de persoas que ategaron o polideportivo para participaren na gran **Festa de Reis**.



A pequena Elba Blanco Martínez recolle de mans do concelleiro de Ensino, Antonio Leira, o seu premio no **Concurso de Postais de Nadal**, na categoría de 4 a 6 anos. Podes ver e descargar a súa postal en: www.concellooroso.com.



O Concello de Oroso e o ciclista Amancio Espiñeira foron distinguidos na **Gala do Ciclismo Galego 2014**. O Concello, polo I Trofeo Concello de Oroso de ciclismo; e Amancio, como mellor ciclista galego de BTT Rally XC (sénior).



Laura Hermida Pérez recolle de mans do alcalde de Oroso, Manuel Mirás, o seu premio no **Concurso de Postais de Nadal**, na categoría de 7 a 9 anos. Podes ver e descargar a súa postal en: www.concellooroso.com.

Axenda: Febreiro

7 Noites de Tasca, ás 21:30 no Café Bar Fernández (Villaromariz) con Néboas no Cumio e Pana Raiada

8 Contacontos "Eu querer quéroche ben". (11:00 h)

10 Inicio dos cursos CCNA en EducaOroso

11 Fin de inscrición no curso de árbitro Triatlón

15 Contacontos "Eu querer quéroche ben". (11:00 h)

16 Curso de árbitro de Triatlón

21 Club de lectura na biblioteca, ás 18:00 h.

22 Contacontos "Eu querer quéroche ben". (11:00 h)

22 Baile para maiores Gruo D´Cine (19:30 h)

24 Fin de entrega das Receitas de Entroido

26 Fin de entrega para o concurso de fotografía

28 Festival do CRA
Fin de entrega para o concurso de relatos
A Rebotica dos Contos.
"Cita coa doutora amor"